



INSTALACION DE QUIOSCOS DE VERÁN EN TERREO PRIVADO

O Concello de Cangas lémbrale a tódolos veciños/as que desexen solicita-la instalación de quioscos en terreo privado, que deberán presenta-la petición no Rexistro de entrada do Concello, ata o día **15 de febreiro do ano 2021**, de acordo coa seguinte documentación:

1º.- Solicitud en modelo de instancia na que se deberá achegar:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou CIF do solicitante. Cando se trate dunha persoa xurídica, o seu representante deberá acreditar a súa identidade e a representación coa que actúa.
- b) Documentación acreditativa da propiedade ou dispoñibilidade do predio sobre o cal se pretende actuar, orixinal ou fotocopia compulsada (certificación catastral e nota simple rexistral ou escritura pública).
- c) Plano de ocupación no que figuren os metros cadrados de quiosco, tendo como base unha superficie total máxima de 20 m². Deberá utilizarse a cartografía das NN.SS.MM. escala 1/1000.
- d) Croquis das instalacións previstas.
- e) Memoria descritiva das instalacións desmontables con expresión das súas características, uso previsto e orzamento.
- f) Fotografías do predio, onde se pretende efectuar a instalación.
- g) Xustificación documental da retirada do quiosco na tempada anterior, no seu caso.
- h) Informe do ORAL, conforme o/a solicitante non ten débedas coa facenda municipal por ningún concepto.
- i) Depósito de fianza (25 €/m²). Nº cta: 2080.5022.13.3110008937 para responder dos danos e prexuízos ó dominio público (**Concepto: quiosco finca privada Cangas 2020**).

2º.- Previa instalación, deberase ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión, que ascende a 174,33 eur,). Nº cta: **2080.5022.13.3110008937 (Concepto: quiosco finca privada Cangas 2021)**, e retira-la oportuna autorización en Estatística.

3º.- Non se admitirá a trámite ningunha solicitude que non cumpra tódolos requisitos e non se atope ao día coa facenda local por tódolos conceptos.





Concello de Cangas

4º.- A instalación practicada sen a preceptiva autorización e pagamento da totalidade das taxas correspondentes será para o/a infractor/a motivo dunha sanción do 150% sobre as cantidades a pagar, con independencia doutras accións legais que se lle poidan aplicar.

5º.- Se tivo permiso de instalación o ano anterior, terase en conta a retirada da instalación dentro do prazo establecido.

6º.- A instalación será polo prazo do **1 de maio ata o 30 de setembro**.

7º.- A autorización poderá ser revogada en calquera momento, sen dereito a indemnización, cando as circunstancias de interese xeral así o aconsellaran.

8º.- Finalizada a actividade, a instalación deberá levantarse no prazo de 15 días.

9º.-Queda prohibida a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares. A tipoloxía das instalacións deberán harmonizar co entorno mediante materiais adecuados de boa calidade, aspecto estético e bo estado de conservación.

10º.-Todas as súas conducións de servizo terán que ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros . Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de saneamento xeral si existe, quedando, en todo caso, prohibidos os sistemas de drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.

Non se permitirá ningunha condución de tendido eléctrico que sexa aéreo. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.

11º.- O horario habitual será de 10.00 horas ata as 23:00 horas. Os venres, sábados, domingos, festivos e vésperas de festivos será ata as 24:00 horas, con 30 minutos para desaloxar e pechar o local.

12º.- Denegarse toda solicitude para un terreo afectado por infracción urbanística.

13º.- O incumprimento de calquera destas obrigas causará a anulación inmediata da autorización.

14º.- O feito de optar ás instalacións previstas neste Bando supón a total conformidade do/a solicitante de todos e cada un dos puntos anteriores, obrigándose o/a solicitante expresamente ó cumprimento das mesmas; para calquera dúbida na aplicación desta normativa, será competencia do propio Concello de conformidade coa lexislación vixente.

Cangas, a 29 de decembro de 2020. O Alcalde-Presidente, Xosé Manuel Pazos Varela.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: AGT29YR4ZZ6PA4L94ZG3CSAZ | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2